



*Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza*  
*Travesa de Basquiños 9, baixo*  
*15.704 Santiago de Compostela*  
*Tfno e fax: 981-570099*  
*Correo: [adega@adega.info](mailto:adega@adega.info)*  
*Páxina electrónica: [www.adega.info](http://www.adega.info)*

**CONSELLARÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA,  
D.X. INDUSTRIA, ENERXÍA E MINAS  
DELEGACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

XXXXXXXXXXXX, con DNI XXXXXXXXXXXXXXX e enderezo a efectos de notificación na Travesa dos Basquiños, 9, Baixo, 15704 Santiago de Compostela, no seu nome e en representación de ADEGA – Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza, formula as seguintes

**ALEGACIÓNS  
AO ESTUDO DE IMPACTO AMBIENTAL e DECLARACIÓN DE UTILIDADE  
PÚBLICA  
DA L.A.T DC 66 KV SUB. VIMIANZO – SUB. PE MUXÍA,**

conforme ao DOG nº 99 do 22 de maio de 2009, no cal se establece o inicio do período de 30 días para a exposición pública da solicitude de autorización, o estudo de impacto ambiental e a declaración de utilidade pública do citado proxecto

**Bloque 1: Sobre os erros e deficiencias graves no Estudo de Impacto Ambiental**

**PRIMEIRA. O estudo de impacto da LAT, situada nos concellos de Muxía e Vimianzo (A Coruña), inclúe parágrafos enteiros correspondentes a outro proxecto localizado no Concello de Paradela (Lugo).**

Desta maneira, nun apartado tan trascendental nun estudo de impacto como é o inventario ambiental, atopamos descrições como a que sigue:

“El área de estudio se encuentra situada en su totalidad dentro de la cuenca del Miño. El Rego da Trapa, recoge a través de pequenos arroyos las aguas de la ladera oeste de la sierra y las vierte directamente en el Miño. La vertiente norte de la sierra es drenada a través del Rego da Serra y Rego da Güela, que vierten en el Loio, afluente del Miño. Una serie de pequenos arroyos recogen las aguas de las laderas sur y este de la sierra y las vierten en el Rego de Foilebar y Rego de

Lamas. El Rego de Foillebar afluye al Rego de Lamas y éste al Río Loio que vierte finalmente en el Miño.”<sup>1</sup>

O falseamento dos datos, que indica a non realización dun estudio de impacto ambiental de acordo co marco normativo existente, ademáis de constituir unha **infracción grave** segundo o art. 20.3 do *Texto refundido da Ley de Evaluación de Impacto Ambiental de proyectos* que establece: “*Son infracciones graves: a) La ocultación de datos, su falseamiento o manipulación maliciosa en el procedimiento de evaluación*”, **provoca un vicio de nulidade no procedemento**. Esta é unha violación da legalidade manifesta que implica un vicio de tal magnitude, que a avaliación de impacto ambiental que pretenda sustentarse nun estudio de impacto ambiental falseado e que non se realiza tendo en conta as circunstancias do proxecto a executar será nula de pleno dereito.

**SEGUNDA: O estudo de impacto non inclúe os efectos ambientais dos parques eólicos Muxía I e II, directamente vencellados á LAT Muxía-Vimianzo e que aínda non foron autorizados.**

O Decreto 442/1990 de Avaliación de Impacto Ambiental para Galicia, establece os contidos mínimos Estudos de Impacto Ambiental, entre os que se atopan:

“Relación de tódalas accións inherentes á actuación de que se trate, susceptibles de producir un impacto sobre o medio ambiente, mediante un exame detallado tanto da fase da súa realización como do seu funcionamento”. (Art. 3-a)

Como o propio estudo admite, o cometido da LAT consiste en evacuar a electricidade xerada nos **parques eólicos Muxía I e II**:

“El objeto del proyecto denominado *Línea de Alta Tensión 66 kV Subestación de Vimianzo-Parque Eólico de Muxía* es definir las instalaciones necesarias para la conexión eléctrica del citado parque eólico con la subestación mencionada”<sup>2</sup>

Resulta difícil entender o parque eólico sen a correspondente vía de evacuación da enerxía producida. Do mesmo xeito **resulta un sinsentido tramitar unha liña de alta tensión que dá servizo a un parque eólico aínda sen autorizar, a non ser que de antemán se conte cunha resolución positiva e toda tramitación sexa un paripé pseudolegal de resultados coñecidos a priori**. A autorización do parque eólico conta cun informe negativo da Dirección Xeral de Patrimonio xa que a liña de evacuación afecta gravemente a un ben cultural Patrimonio da Humanidade: o Camiño de Santiago.

Dado que unha liña de alta tensión considerada ailladamente non ten sentido, ambos proxectos – LAT e parque eólico - deben avaliarse conxuntamente, e como xa destacamos nas nosas alegacións de febreiro deste ano, **estudando detalladamente o impacto total xerado no contorno**. Desgraciadamente, o estudo de impacto da LAT non inclúe os parques eólicos nin sequer na cartografía aportada.

Tal e como establecen os Anexos I e II do *Texto refundido da Ley de Evaluación de Impacto Ambiental de proyectos* “el fraccionamiento de proyectos de igual naturaleza y

<sup>1</sup> ESTUDIO DE IMPACTO AMBIENTAL, PROYECTO: LÍNEA DE ALTA TENSIÓN 66 KV SUBESTACIÓN DE VIMIANZO-PARQUE EÓLICO DE MUXÍA, páx 170

<sup>2</sup> ESTUDIO DE IMPACTO AMBIENTAL, PROYECTO: LÍNEA DE ALTA TENSIÓN 66 KV SUBESTACIÓN DE VIMIANZO-PARQUE EÓLICO DE MUXÍA, páx 1

realizados en el mismo espacio físico no impedirá la aplicación de los umbrales establecidos en este anexo, a cuyos efectos se acumularán las magnitudes o dimensiones de cada uno de los proyectos considerados”.

Parece claro que non se pode dissociar o proxecto de implantación de parques eólicos das liñas de evacuación precisas para a enerxía producida neses parques, polo que **o sometemento a avaliacións de impacto ambiental separadas claramente viola a normativa aplicable e non permite valorar o impacto conxunto desta actuación.**

**Sentencia del Tribunal de Justicia de las Comunidades Europeas (Sala Tercera) de 25 de julio de 2008, asunto C-142/07, Ecologistas en Acción-CODA/Ayuntamiento de Madrid** A recente sentenza do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas (Sala Terceira) de 25 de xulo de 2008, asunto C-142/07, Ecologistas en Acción-CODA/Ayuntamiento de Madrid establece: “Por último, hay que destacar que, al igual que el Tribunal de Justicia ya ha señalado en relación con la Directiva 85/337, el objetivo de la Directiva modificada **no puede eludirse mediante el fraccionamiento de un proyecto** y que el hecho de que no se considere el efecto acumulativo de varios proyectos no debe tener como consecuencia práctica que se sustraigan en su totalidad a la obligación de evaluación cuando, considerados conjuntamente, puedan tener efectos significativos en el medio ambiente (...).” (FJ. 44)

“En lo que atañe a los proyectos controvertidos en el litigio principal, de la resolución de remisión resulta que todos ellos forman parte del proyecto de conjunto «Madrid calle 30». Incumbe al juez remitente verificar si deben ser objeto de consideración conjunta, debido, en particular, a su proximidad geográfica, a sus similitudes y a sus interacciones.” (FJ. 45)

“En consecuencia, procede responder a las tres primeras cuestiones planteadas que la Directiva modificada debe interpretarse en el sentido de que prevé la **evaluación de impacto ambiental de los proyectos de reforma y mejora de vías urbanas**, ya sea cuando se trate de proyectos mencionados en el anexo I, punto 7, letras b) o c), de dicha Directiva, ya sea cuando se trate de proyectos previstos en el anexo II, puntos 10, letra e), o 13, primer guión, de la misma Directiva, que puedan tener efectos significativos en el medio ambiente, en virtud de su naturaleza, de sus dimensiones o de su localización y, en su caso, habida cuenta de su interacción con otros proyectos.”(FJ. 46)

**TERCEIRA: O estudo de impacto non inclúe mención aos efectos ambientais acumulados doutras obras realizadas e previstas para a mesma zona.**

O mesmo Decreto 442/190 establece a obriga de incluír

“Estudio do estado do lugar e das súas condicións ambientais antes da realización das obras, así como dos tipos existentes de ocupación do solo e aproveitamento doutros recursos naturais, tendo en conta as actividades preexistentes. (Art 3-b)

Resulta pois sorprendente que o estudo non inclúa mención a **tendidos eléctricos preexistentes**, tanto con vistas a avaliar o impacto total da superposición de tendidos, como para analizar a posibilidade de aproveitar e modernizar trazados xa existentes na actualidade, coa conseguinte minimización do impacto ambiental, da afección a bens culturais e da necesidade de expropiar fincas privadas.

En ADEGA temos constancia da existencia de tendidos eléctricos xa instalados, como é a liña de Ferroatlántica dende CEE e doutros previstos coma a que conectará a subestación de Cee co futuro **Parador de Punta Lourido, situado na Rede Natura 2000** e que conlevará a necesidade de dotar de novas infraestruturas de abastecemento de augas, accesos, electricidade etc. ésta valiosa área protexida.<sup>3</sup>

A maiores, outro plano sectorial de severo impacto ambiental e que tamén espertou conflictividade veciñal na zona é a **planta de acuicultura de Merexo**, que pretende ocupar outra área litoral a escasos 3 km da LAT. E xa preferimos non pensar na posibilidade de recuperar o delirante proxecto de **piscifactoría en Cabo Touriñán**, tamén nas imediacións.

Dende ADEGA consideramos unha grave carencia a falta de mención ao impacto acumulado de todos estes proxectos, que evidentemente incrementa as súas repercusións negativas sobre o ambiente, o patrimonio e as persoas, as cales sofren con abraiante frecuencia expropiacións forzosas e outros prexuízos claramente evitables.

Dende a nosa asociación preguntámonos con preocupación qué vai quedar do patrimonio natural de Muxía se seguen adiante todos estes proxectos, amparados nunha moi cuestionable figura de Utilidade Pública que salvagarda o afán de lucro das empresas fronte aos dereitos da cidadanía e a conservación do patrimonio.

#### **CUARTA: O estudo das alternativas desatende consideracións medioambientais e afeccións ao Camiño de Santiago.**

No escueto balance co que se pretende xustificar a elección final do trazado partindo de 3 alternativas obvianse os aspectos medioambientais e culturais de maior importancia, como é a afección a hábitats de interese comunitario segundo a directiva 92/43 CEE ou a afección a un ben cultural Patrimonio da Humanidade como é o Camiño de Santiago, impacto que a USC califica de severo xa que a LAT atravesa en 2 puntos o Camiño.

O Camiño de Santiago é citado no Estudo Arqueolóxico da USC, mais no estudo de Impacto Ambiental atopamos incongruencias como a que sigue:

“En este apartado nos limitamos a enumerar los elementos de patrimonio más destacables de los concellos a los que pertenece el área de estudio. En ellos es posible encontrar yacimientos y restos arqueológicos, así como construcciones de valor histórico, artístico y religioso. En principio, ninguno de ellos se verá afectado por la construcción de la línea de alta tensión”<sup>4</sup>.

Esta afirmación non é certa. Ademáis, a mesma páxina recolle un listado de patrimonio histórico artístico onde non aparece o Camiño de Santiago, **o que volve a remitirnos ao falseamento dos datos do estudo constitutivos dunha infracción grave** segundo a normativa vixente recollida no Texto Refundido (RDL 1/2008 de 11 de xaneiro).

#### **QUINTA: Nin na análise socioeconómica, nin na relación de impactos se contemplan os prexuízos a habitantes da zona.**

<sup>3</sup> DOG nº113, 12 de xuño de 2008

<sup>4</sup> ESTUDIO DE IMPACTO AMBIENTAL, PROYECTO: LÍNEA DE ALTA TENSIÓN 66 KV SUBESTACIÓN DE VIMIANZO-PARQUE EÓLICO DE MUXÍA, páx 119

Malia a profusión de información que o estudo de impacto recolle sobre a socioeconomía da zona (que aos nosos ollos é irrelevante pois en ningún momento se aclara a súa relación coa LAT), o documento carece totalmente de datos relativos a cómo o proxecto afecta á veciñanza da zona.

- Non se incorpora ningún dado sobre a perda de valor das fincas que a LAT atravesa, aínda que frecuentemente esas parcelas fican divididas, sen acceso ou ven reducida a súa superficie, co que deixan de ser rendibles.

- Non se valoran as perdas de propietarios e propietarias de explotacións forestais interesados na produción madeireira, aínda que o estudo reconece a elevada presenza destas áreas repoboadas con piñeiro e eucalipto (sempre restándolles importancia malia a que estas plantacións constitúen importantes investimentos e precisan de décadas para renderen beneficios):

“La principal ventaja de este trazado es la reducción de afección a masas de arbolado, pero al tratarse de plantaciones de coníferas para aprovechamiento industrial, se puede considerar un efecto menor”<sup>5</sup>

- Non se menciona a necesidade de dotar á liña de servidumes de paso, o cal supón un serio prexuízo a propietarios e propietarias, pois aínda que a compañía eléctrica dispón de dereitos de uso, os deberes do mantemento das fincas e a prevención de incendios recaen na persoa titular dos predios.

#### **SEXTA: O estudo de impacto non inclúe a valoración dos estados inicial e final, tal e como marca a normativa.**

O xa citado Decreto 442/1990 establece como contido obrigatorio dos estudos de impacto ambiental

“Estudio comparativo da situación ambiental actual e futura, con e sen a actuación derivada do proxecto obxecto da avaliación, para cada alternativa.” (Art 3-b)

No estudo de impacto ambiental non aparece tal comparación entre os estados actual e futuro, nin das alternativas seleccionadas, nin da solución final escollida.

#### **SÉTIMA: O estudo de impacto infravalora as afeccións aos recursos naturais.**

O propio estudo de impacto reconece que os efectos do proxecto no ambiente exceden a súa localización e van máis alá dos seus límites físicos:

“En relación con el inventario, es muy importante una definición previa del área a describir, ya que es un error frecuente incluir información exclusivamente referida al área de proyecto sin abordar el entorno más inmediato al área del mismo. En este sentido, se tendrá presente que los proyectos generan dos tipos de afecciones sobre el medio natural:

- Verticales (por ocupación directa del territorio).
- Horizontales (o de difusión)”<sup>6</sup>

---

<sup>5</sup> ESTUDIO DE IMPACTO AMBIENTAL, PROYECTO: LÍNEA DE ALTA TENSIÓN 66 KV SUBESTACIÓN DE VIMIANZO-PARQUE EÓLICO DE MUXÍA, pax 34

A infraestrutura proxectada, e tamén o parque eólico ao que dá servizo, atópanse nas proximidades da ZEPVN-LIC, ZEPNV-ZEPA e IBA Costa da Morte, pola súa importancia en **hábitats de interese comunitario e aves recollidas na Directiva 79/409/CEE**. De feito, forman parte da proposta de ampliación da Rede Natura 2000 elaborada pola Universidade de Santiago de Compostela.

O estudo de impacto inclúe unha lista de 62 especies de aves, das que alomenos 55 especies se presupón que usan esta zona coma área de cría:

- 33 delas son consideradas “de interese especial” polo Catálogo Nacional de Especies Ameazadas,
- 2 delas, como vulnerables no citado catálogo, no Libro Rojo da Fauna Ameazada e no catálogo galego
- 8 das especies de aves están recollidas nos anexos da Directiva aves 79/409/CEE

O estudo de impacto inclúe unha profusa explicación sobre o risco de electrocución e colisión das aves na LAT. Por iso **sorprende que mentres os factores de risco reciben unha cualificación de “alto”** na maioría dos casos (especies de aves con risco de colisión e electrocución, algunha delas protexida, hábitats especialmente susceptibles coma as áreas de matorreira, bosques de piñeiro ou bosques de ribeira, ecotonos, factores climáticos coma néboas e humidade ambiental), **o resultado final da valoración de impactos reste, como por arte de maxia, importancia a estes riscos**. Por exemplo, no estudo de impacto non se mencionan as afeccións á avifauna durante a fase de obra, relacionadas fundamentalmente co ruído e a eliminación de vexetación en áreas de cría (matorreira, bosque)

“- Fase de obra:

Valoración: negativo, magnitud baixa, inmediato, parcial, temporal y reversible. Calificación: COMPATIBLE<sup>7</sup>.

No estudo de impacto non se menciona por qué motivos os riscos de afectación á avifauna calificados como “altos” en especies de interese especial dan lugar a un impacto moderado, e sobre todo, reversible tratándose de especies ameazadas ou con risco de extinción.

“- Fase de explotación:

Valoración: negativo, magnitud media, inmediato, extenso, permanente y reversible. Calificación: MODERADO<sup>8</sup>.

**Na valoración da capacidade de carga dos hábitats**, a bióloga establece que os bosques e a matorreira presentan unha capacidade de carga “media” e “alta”, respectivamente, debido á súa capacidade de rexeneración espontánea. Posiblemente **esquece a bióloga que este proxecto consiste nun tendido eléctrico de alta tensión que, por lei, debe estar desprovisto de vexetación de maneira duradeira**. Como se inclúe no propio estudo de impacto:

---

<sup>6</sup> ESTUDIO DE IMPACTO AMBIENTAL, PROYECTO: LÍNEA DE ALTA TENSIÓN 66 KV SUBESTACIÓN DE VIMIANZO-PARQUE EÓLICO DE MUXÍA, páx 35

<sup>7</sup> ESTUDIO DE IMPACTO AMBIENTAL, PROYECTO: LÍNEA DE ALTA TENSIÓN 66 KV SUBESTACIÓN DE VIMIANZO-PARQUE EÓLICO DE MUXÍA, páx 150

<sup>8</sup> Idem

“El área de afección directa del proyecto vendrá definida por la superficie afectada para la instalación de los apoyos, apertura de caminos de acceso y la banda de vegetación (30 m) que será necesario cortar a ambos lados de la línea según lo establecido en el Reglamento de Líneas Eléctricas de Alta Tensión (Decreto 3151/1968)”<sup>9</sup>.

Polo tanto, a rexeneración natural que sería posible será permanentemente interrompida pola necesidade de eliminar a biomasa combustible. ¿Estamos ante outro corta-pega doutros estudos de impacto?

### **OCTAVA: A liña de alta tensión atravesada en dous tramos o Camiño de Santiago, considerado Patrimonio da Humanidade dende 1993**

Esta afección, considerada un impacto “severo” polo equipo da Universidade de Santiago redactor do inventario arqueolóxico, foi o motivo polo que a Dirección Xeral de Patrimonio emitiu un informe negativo sobre os parques eólicos Muxía I e II.

### **NOVENA: O estudo de impacto infravalora o risco de incendios**

A única mención ao risco de incendios relacionado coa liña de alta tensión é un parágrafo que reproducimos integramente a continuación:

“El incremento de riesgos naturales, fundamentalmente incendios forestales se considera irrelevante en estas circunstancias, debido a la altura y disposición de la vegetación y a la protección de las líneas contra sobrecargas”<sup>10</sup>

- Non se informa da frecuencia de incendios na zona, a pesar de tratarse en amplas áreas de vexetación altamente combustible (matorreira, piñeiro, eucalipto)
- Non se informa de cómo se vai controlar a biomasa vexetal que medre dentro da zona de influencia da LAT.
- Non se indica que a obriga de protexer instalacións eléctricas resta recursos humanos e materiais na extinción de incendios.

### **Bloque 2) Sobre o uso e o abuso da figura de Utilidade Pública**

A Lei 54/1997 do sector eléctrico confire ás instalacións de produción e transporte de enerxía a figura de Utilidade Pública, que outorga dereito de expropiar os terreos afectados polo proxecto. Mais cómpre ter en conta que esta declaración de Utilidade Pública pode repercutir negativamente noutras utilidades públicas que se ven afectadas, caso no que cómpre avaliar cal delas prevalece.

No caso da LAT Muxía Vimianzo, a liña atravesada o monte veciñal “Coto da Gándara”, na parroquia de Vimianzo. Así mesmo, a LAT atravesada áreas de cultivo forestal e

---

<sup>9</sup> ESTUDIO DE IMPACTO AMBIENTAL, PROYECTO: LÍNEA DE ALTA TENSIÓN 66 KV SUBESTACIÓN DE VIMIANZO- PARQUE EÓLICO DE MUXÍA, páx 35

<sup>10</sup> ESTUDIO DE IMPACTO AMBIENTAL, PROYECTO: LÍNEA DE ALTA TENSIÓN 66 KV SUBESTACIÓN DE VIMIANZO- PARQUE EÓLICO DE MUXÍA páx 152

agrícola, nalgún caso baixo o certificado oficial do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia, coma a explotación de froiteiras de Fumiñeu.

Ademais, a LAT atravesa en dous tramos o Camiño de Santiago, Ben de Interese Cultural e Patrimonio da Humanidade e principal atracción de visitantes á zona polo seu renome internacional, fonte de riqueza e postos de traballo na hostalería e o comercio.

Outro recurso de interese público que tamén se ve afectado é a paisaxe, que forma parte da identidade da nosa sociedade e constitúe un importante recurso produtivo vinculado ao lecer e o turismo.

Así mesmo, a infraestrutura proxectada afecta negativamente a hábitats e especies de interese comunitario, algunhas delas prioritarias e en risco de extinción, valores polos cales a área foi seleccionada para ampliar a superficie protexida da Rede Natura 2000.

**A solicitude de Utilidade Pública que puidemos consultar unicamente inclúe a relación de propietarios e propietarias afectadas, sen argumentar en ningún momento qué utilidade REAL reviste o proxecto para a sociedade,** máis alá do negocio que representa para a empresa promotora. Polo tanto, á hora de valorar a prevalenza da Utilidade Pública do proxecto fronte a outras, débese ter en conta:

- 1) As afeccións xa citadas da pretendida obra (parque eólico + liña de alta tensión) no seu contorno socioeconómico, ambiental e cultural
- 2) Os beneficios que a obra lle aporta á sociedade. Neste sentido, dende ADEGA valoramos
  - Que a única motivación pola que as empresas promoven a enerxía eólica é a posibilidade de lucro derivado da garantía de venda e as primas á produción de enerxía en réxime especial.
  - Que a súa suposta contribución a frear o cambio climático non é tal, xa que a expansión das enerxías renovables nos últimos anos non fixo que se reducira a produción eléctrica baseada nos combustibles fósiles.
  - Que non conlevan unha mellora na calidade de vida á poboación local, que sí sofre, e de maneira permanente, os efectos negativos destas instalacións que mesmo poden pór en risco a saúde.
  - Que ante a enorme expansión das enerxías renovables que teñen demostrado un alto impacto nos recursos naturais, os planos de aforro e eficiencia seguen sendo unha materia pendente.
  - Que a obtención de enerxía debe realizarse próxima ao lugar de consumo, para evitar perdas no transporte.
  - Que os efectos na saúde humana das liñas de alta tensión aínda non atoparon un consenso na comunidade científica, polo que procede adoptar o principio de precaución e reducir estas instalacións ás estritamente necesarias.



Tendo en conta estes aspectos, dende ADEGA consideramos que a Administración debe motivar a existencia da utilidade pública indicando qué circunstancias conducen a primar a realización de **actividades lucrativas que só benefician ao sector privado, neste caso o eléctrico (sen apenas impacto na creación de emprego)** fronte a outros usos do territorio que contribúen a repartir a riqueza e a conservar a paisaxe e o patrimonio natural e cultural, como os aproveitamentos forestais, gandeiros, apícolas, ou turísticos.

Nesta liña, recentemente o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia pronunciouse declarando a nulidade da consideración de utilidade pública das expropiacións para a implantación dun Parque eólico facendo prevalecer a Utilidade Pública dos aproveitamentos tradicionais do monte veciñal fronte á declaración de Utilidade Pública que se lle concedera ao parque eólico e obrigando a retirada dos aerogeneradores e a devolver ao monte o seu estado inicial.<sup>11</sup>

Esta sentenza avala a necesidade de ponderar e motivar a utilidade pública dos bens afectados polas instalacións eléctricas, e abre a porta para recorrer aos tribunais en casos coma o que nos ocupa.

**Ante todo o exposto, ADEGA SOLICITA:**

- Se considere nulo o Estudo de Impacto Ambiental ante os erros e carencias detectados
- Se denegue a declaración de Utilidade Pública ao proxecto ante a prevalencia doutras utilidades públicas de maior interese social e menor impacto no patrimonio e as persoas.
- Se manteña informada a esta asociación do transcurso do proceso

Advertimos, así mesmo, que nos reservamos o dereito de recorrer a outras instancias administrativas e xudiciais para denunciar a situación de indefensión da cidadanía ante as prácticas abusivas das empresas eléctricas.

En Santiago, a 3 de xuño de 2009

Asdo:XXXXXXXXXXXX- ADEGA

---

<sup>11</sup> Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 3ª) Sentenza núm. 111/2007 do 31 de xaneiro